


O RECANTO

Publicación do 3º de Ciclo do C.E.I.P. PARADA - CAMPAÑÓ (PONTEVEDRA) marzo 2009 Nº2



DETECTIVES EN PONTEVEDRA



PRESENTACIÓN

A idea literaria de perseguir un ladrón ou un asasino polas rúas do casco vello de Pontevedra resulta fermosa. Algún día un escritor afamado ou un director de cine descubrirán as posibilidades estéticas de describir ou filmar unha persecución reflectida nas pedras molladas pola chuvia. E que marabilla sería filmar unha cita nocturna en branco e negro nas ruínas de San Domingos a base de primeiros planos... Ou un tiroteo entre as columnas do pazo de Mugartegui. Mentres agardamos por estes

acontecementos disfrutemos con estes doce relatos policíacos dos nenos e nenas de 5º de primaria despois dunha visita ó recinto histórico da Boa Vila.

Este segundo número d'○ *RECANTO* inclúe nas súas páxinas textos que tratan, na súa totalidade, sobre detectives . Por iso o título das páxinas interiores. E como non, tamén inclúe os debuxos dos nenos/as que serven de ilustracións.

O seguinte número d'○ *RECANTO* publicará contos de amor en Pontevedra. Todos eles capturados por un atrapacontos de amor do estilo deseñado por Anxo Moure.

SUMARIO

Os cinco vándalos.
Conto policíaco infantil.
A lenda de Maruxa.
Persecución.
O caso da desaparición de Marta.
Ofelia e o diñeiro.
Investigando en Pontevedra.
Asasinato en San Domingos.
O caso do comisario Antonio.
Atraco.



OS CINCO VÁNDALOS

Cada dez anos, desde hai cincocentos, cerca das ruínas de Santo Domingos, todos os veciños escoitan berros espeluznantes. Moitas familias fuxiron de alí xa que sempre desaparece un home. Hai moi pouco, no ano 1.900, o home que desapareceu, encontrouno a policía alí dentro, dentro das ruínas, morto.

Xa estamos a 8 de xaneiro de 2.010. Volveu pasar. Todos os axentes rendéronse. Non querían ir investigar, agás eu. Chámome Xoán García e vou investigar o que ocorre cada dez anos. O desaparecido deste ano chámase Carlos e tiña uns corenta anos. Moitos teñen medo de que sexan os fantasmas das tumbas. Eu non creo nas historias de fantasmas así que non teño medo.

Hoxe, vou ir investigar pola noite, xa que se os veciños me miraran, empezaría a ter sospeitas. Era unha noite de lúa chea, con moitas nubes grises. Estaba a dous pasos da cancela de San Domingos. Ía entrar cando escoitei un ruído. Vin unha sombra e escoitei varias risas, e nun abrir e pechar de ollos a sombra comezou a correr. E fun detrás dela, pero ía moi rápido.

Ao final non había unha senón cinco sombras. Separáronse e non sabía cara onde ir. Mais tarde, rodeáronme e non sabía por onde fuxir. Unha sombra comezou a falar:

— Somos os cinco gamberros que facemos cada dez anos un oco a unha familia ...

Nada máis parou de falar, seguiu outra sombra e así seguido:

— Somos os que aterrorizamos a moitas familias ...

— Chamámonos as cinco sombras ...

— Pero somos máis coñecidos como os fantasmas de San Domingos...

— ¡¡ Ha, ha, ha, ha, ha, ha... !!

Comezaron a rir os cinco. Acababa de comprender todo. Se os cinco vándalos morrían, os seus fillos destituíríanos. Atáronme os brazos e as pernas e metéronme nun soto que só tiña unha ventaiña. Estaba moi alta e era moi pequena para fuxir.

— Debín facer caso a miña nai. En vez de ser policía podería ser mecánico—



pensei.

Dei unha patada de rabia a unha caixa e caeu unha lupa. Collín a lupa e coloqueina de tal forma que lle dese un raio de sol. Un pouco máis tarde a corda rompeuse e saín por unha porta que había. Non sabía onde estaba porque cando me levaron para alá estaba escuro. Mirei ao meu redor e estaba na praza das Cinco Rúas. Corrín xunto aos demais policíaas e pedinlle a súa axuda. A maioría negáronse, pero os meus mellores amigos axudáronme. Corremos ata as ruínas de San Domingos. Os policíaas escondéronse. Eu mentres estaba entrando. Os cinco bandidos e os seus fillos saíron do seu agocho. Covardes tendes que chamar os vosos fillos.— pensei.

Un gritou:

—¡Caíches na nosa trampa!

E eu todo chuliño, dígolles:

—Non. Sodes vós que caestes na nosa trampa.

—¿Na vosa trampa? — preguntou o fillo do outro.

Nun segundo apareceron todos a vez, coas pistolas desenfundadas.

—¡Quedades arrestados!— contestou o meu mellor amigo Roi. Colleron a todos e só quedaba un cando sentín unha picada no estómago. Mirei e acabábanme de disparar. E claro que sobrevivín, grazas ao meu amigo Roi. Dooome todo o sangue que necesitei.

Ninguén sabe quen foi o que me disparou. Hai alguén que di que foi o pai dos cinco vándalos. Como sempre eu iso non o creo. Incluso

hai alguén que pensa que eran fantasmas.

Despois de cinco meses, xa estaba recuperado, e as cousas seguiron con normalidade. Unha tarde, ía para miña casa, e un rapaz duns dezaoito anos díxome:


— Encerraches o meu pai, dispáriche e aínda así segues vivo. Isto non quedará así.— E saíu correndo.

Eu seguino, e o moi parvo caeu nun sumidoiro. E metino no cárcere co seu pai e os demais vándalos.

Ainoa 5º

CONTO POLICÍACO INFANTIL

Había unha vez un ladrón chamado Pepe. Ía pola ponte do Burgo, e nas escavacións que alí había, viu unha pedra chamada Miliario. Chamoulle a atención e non pensou noutra cousa que roubala, pero pensouno ben e deixouna alí. Cando a foi roubar tivo que fuxir co miiario a costas porque viña o policía Manolo, así que rapidamente correu ata a Praza



da Pedreira, onde estaba o pazo de Mugartegui, intentou agacharse,

pero viu que non era un sitio seguro e foi a praza de Méndez Núñez, onde estaba Valle-Inclán. O ladrón deu dez voltas ao Valle-Inclán e xa viña o policía. O ladrón dixo: «Alto aí, ti tes que dar as dez voltas coma min, porque senón é trampa». E mentres o policía daba dez

voltas o ladrón foi ata a praza do Teucro, pero non lle gustou, así que foi ata a Basílica de Santa María e de alí subiu ata as Ruínas de San Domingos. Agochoouse nunha tum-



ba, pero o policía xa sospeitaba que se agocharía alí, así foi que o atopou. Collérono, e como foi o último sitio puxeron o Miliario nas Ruínas de San Domingos.

Paula 5º

CONTO POLICÍACO

Houbo una vez un ladrón en Pontevedra que roubou un santo da Basílica de Santa María. O cura da Basílica chamou por teléfono á Policía moi alterado. O detective Buceta díxolle que pronto chegaría e que estivese tranquilo. Ao chegar o detective pediulle ó cura que o levase onde roubaran. Mentres estaban el e máis os policías recollendo probas de súpeto apareceu outra vez o



ladrón. Entón saíron correndo detrás del. Perseguírono pola Praza da Verdura, a Praza da Leña, a Igrexa da Peregrina e As Ruínas de San Domingos. Despois de moito correr e xa moi canso, a Policía colleuno cando chegou á Fonte dos Nenos. Alí o ladrón intentou escapar e o ver que non podía díxolles que tiña moita sede. Un dos policía sinaloulle o que poñía a fonte . “Pontevedra dá de beber a quen pasa”. Pero a Policía díxolle que non podería beber ata chegar á Comisaría por se se lle ocorría escapar.

Adrián 5º

A LENDA DE MARUXA

Un día na fermosa cidade de Pontevedra ocorreu algo moi sospeitoso:

Había un policía chamado Mojamé.

Si, como sabedes polo seu nome é estranxeiro. Toda a súa familia era estranxeira e policía menos a súa muller.

Vivían na rúa Echegaray. Xusto ao lado do ambulatorio Virxe da Peregrina .

Moitas veces teñen escoitado mulleres gritando (dando a luz).

Pero un día escoitaron semellante berro que foron alí a ver que pasaba.

E encontráronse con que non había ninguén. Volveron a casa e Maruxa, que era a muller de Mojamé, púxose a ler un libro que

resulta que trataba da súa vida . Maruxa non o contou a ninguén porque non crían nas casualidades. Ou sexa que Maruxa fixo o que dicía o libro:

—Hai uns piratas no porto das Corbaceiras. Vai onda eles pero con coidado, son uns piratas vellos.

Maruxa pensou que era mellor que fosen vellos porque así non estaban moi en forma.

Pero fixouse ben e leu que canto máis vello máis intelixente .

Maruxa fixo o que dicía o libro e foi a xunto os piratas. Voltou mirar o libro:

—Terás que ir ao ambulatorio, había unhas fotos de meniños. Pero agora están no Pazo de Mugartegui. Maruxa foi e efectivamente alí estaban unhas fotos de meniños moi bonitiñas .

Logo leu que tiña que encontrar unha



fonte que chorara. Foi a fonte dos nenos e alí estaba a chorar unha nena da fonte. Preguntoulle que lle pasaba e a nena díxolle que perdera ao seu rato.

Maruxa buscou e buscou e encontrouno. Deullo e a nena entregoulle un mapa que por detrás tiña escrito a onde ían os piratas. Ían a Ponte do Burgo. Maruxa foi rapidamente e alí estaban .

Ao chegar non so estaba ela senón que tamén estaban os protagonistas das Ruínas de San Domingos e da Basílica de Santa María.

Aínda así non podían cos piratas. Entón acordouse das fotos e ensinoulas e os piratas empezaron a chorar dicindo:

—Ese é o meu fillo.

—Esa era a milla muller de pequena.

Todos os piratas renderonse cunha condición :

Que lle dersen esas fotos .

Maruxa aceptou e os piratas dixeran onde estaban as persoas do ambulatorio. Estaban agachadas nas tumbas das Ruínas de San Domingos. Maruxa e todos os demais volveron as súas casas.

Alba 5º

PERSECUCIÓN

Nun lugar de Pontevedra un policía estaba observando a estatua de Valle-Inclán e a unha moza que andaba por alí. De súpeto a moza

cortoulle a cabeza a estatua de Valle-Inclán e marchou con ela. O policía seguíuna, foron ata as Ruínas de San Domingos. A moza meteuse nunha das tumbas e o policía non a viu. O policía dixo enfadado: “Maldita sexa”. A moza despaciño saíu da tumba, e intentou saír das Ruínas e sen querer tirou o Miliario e o policía sentiu o ruído, e a ladroa correu e correu, e o policía detrás dela. Na Fonte dos Nenos o policía xa case a tiña agarrada e por mala sorte tropezou co rato de estatua. Pero non tirou a toalla e seguiu detrás dela. Na capela da Peregrina parou a moza a beber na fonte, aínda coa cabeza de Valle-Inclán. Deu unha volta a Peregrina e marchou cara a Praza da Leña onde pasou polos arcos, e o policía detrás dela. A verdade é que non sei como correron tanto os dous. Na Ponte das Correntes asustaron a todos os parrulos. Non se vía moito , pero o policía non se rendeu. Como ía moito frío, a ladroa meteuse nun bar. O policía entrou e a moza reaccionou tirando un cadro de Laxeiro, non foi o policía a por ela, xa eran dous. A moza chamada Elena tirou a cabeza de Valle-Inclán a un dos gardas. Enseguida veu a ambulancia. A moza en Santa María enganouse e caeu ao chan. O policía colleuna e levouna a comisaría e a pena que lle puxo o xuíz foi de bastantes anos.

Remigio 5º

O CASO DA DESAPARI- CIÓN DE MARTA

Parecía que ao teléfono da comisaría do policía Manuel, tampouco hoxe ninguén chamaría. Entón o policía Manuel tería que pasar toda a tarde encerrado entre as catro paredes da comisaría.

Pero ao final o teléfono soou. O policía foi correndo a coller o teléfono.

—Diga.

—Ola. Quería denunciar unha desaparición.

—Cal é o nome do desaparecido?

—Chámase Marta González Hapa.

—De que coñecía vostede a desaparecida?

—É a miña irmá. Vivía comigo. Onte saíu de compras e non volveu.

—Cantas horas hai diso?

—Exactamente 24 horas e 10 minutos.

—Será mellor que vaia para súa casa a mirar a situación. Onde vive?

—Vivo no edificio de en fronte da igrexa de Santa María.

O policía Manuel xa tiña un novo caso. Chamou a todo o grupo de policía e dispúxose a marchar ata a casa da desaparecida.

Cando chegaron, o policía Manuel chamou ao timbre. A irmá da desaparecida, que se chamaba Sara, abriulles a porta. Uns instantes despois de que o policía entrase na casa de Sara, ela díxolle.

—Señor policía, olvidei dicirle que

a miña irmá fora de compras cunha amiga. Vostede cre que a súa amiga pode saber algo da súa desaparición?

—Probablemente si, señorita. Cal é o nome da súa amiga.

—Lucía. Non sei os seus apelidos. Pero teño o seu número de teléfono.

—Entón chámea —dixo o policía Manuel.

Sara chamou a Lucía. Lucía díxolle que as oito e media da tarde a súa irmá foise por unha rúa escura, onde soían vivir os vagabundos.

Sara sabía onde quedaba ese lugar. O policía e ela foron a esa rúa e preguntáronlle aos vagabundos se viran á súa irmá, mentres lle ensinaban unha foto de Marta.

Un dos vagabundos díxolle:

—Eu vin a esa rapaza. Saíu por alí



cun home.

—Que aspecto tiña o home?—
preguntou o policía Manuel—
Podería describilo?

—Si, claro.

O vagabundo describiu ao home e
un dos policías fixo un debuxo coa
descrición. O vagabundo dixo que
era exactamente como no debuxo.
Os policías buscaron a ese home.
Cando o encontraron o home saíu
correndo. E os policías correron
detrás del.

O home cruzou a Praza do Teucro,
e seguiu correndo pola rúa Sar-
miento, despois foi á praza da Ver-
dura. Seguiu correndo pola rúa de
San Sebastián e despois pola rúa
dos Soportais. Cando chegaron á
praza da Peregrina os policías xa
non podían máis. Pero debían se-
guir para atrapar a aquel home.
Porque se non fora el o que fixera
algo con Marta, por que corría?

O home chegou a praza de
Compostela. E aproveitando que a
Fonte dos Nenos estaba apagada
o home cruzouna. Non se debeu
de dar conta de que na fonte dos
nenos había un rato de pedra, por-
que co ratiño da fonte dos nenos, o
home tropezou, e caeu de cabeza
ao chan.

Grazas a iso os policías conse-
guiron atrapalo.

O home confesou. E dixo que Mar-
ta estaba morta, e metida nunha
das tumbas que estaban antes
abertas nas ruínas de San Domin-
gos.

O policía Manuel encontrouna e
dixollo á súa irmá, que quedou na
súa casa chorando, mentres os

outros policías arrestaban o home
que asasinara a Marta.

Sofía 5º

A PERSECUCIÓN POR PONTEVEDRA

O 22 de xullo pola noite do ano 1975
un ladrón roubou a estatua de Valle-
Inclán. Ó día seguinte os veciños
déronse conta de que non estaba a
estatua así que decidiron chamar á
policía.

Tras semanas de procura a estatua
foi encontrada no piso do ladrón pero
o ladrón fuxira del. Os policías
chamaron a todas as patrullas de
procura. Pero ó ladrón seguía sen
aparecer, ata que unha señora que



foi botar o lixo ó colector que está en fronte do pazo de Mugartegui, viu o bandido subir rapidamente ata arriba.

A señora non era moi forte pero era moi lista. Marchou disimuladamente ata a comisaría máis cercana. Avisou ó policía da comisaría.

Non tardaron en chegar xa que a comisaría estaba situada a dúas mazás do pazo. Cando chegaron, un dos policías díxolle ó ladrón que saíra coas mans en alto. Pero o ladrón non saíu nin coas mans en alto nin por onde lle mandaban, saíu por detrás. Meteu a estatua no maleteiro do seu coche e foise coma unha bala ata as ruínas de San Domingos.

Alí o ladrón quedou sen gasolina e entón entregouse. Foi ó cárcere, a estatua volveu ó seu sitio e todo volveu á normalidade.

Gabriel 5º

OFELIA E O DIÑEIRO

-¡Bos días -dixo Ofelia-, mentres saudaba ao cura da igrexa da Peregrina.

Ofelia era un pouco baixa e gorda. Tiña uns 60 anos pero se portaba como se tivese trinta, e non era polo seu aspecto precisamente, xa que ela estaba moi pero que moi enrugada.

A Ofelia apaixonáballe facer recados importantes e sobre todo se ti-

ñan que ver co diñeiro. Ofelia estaba casada cun repartidor de cartas e paquetes, e cada vez que tiña que repartir algo importante aí ía ela.

Estaba diante da porta da igrexa saudando ao cura. Levábanse ben porque o cura adoitaba deixala ir cunha bandexa para colectar diñeiro por toda a igrexa.

A misa xa comezara así que foi correndo ao altar, colleu a bandexa e púxose a recadar diñeiro. Estaba facendo isto cando se oíron uns lixeiros golpes na porta da igrexa, ninguén se estrañou porque non paraban de cravar carteis na porta. Pero o que se oíu a continuación si que foi estraño. Un estrondo espantoso acompañado dun berro inundou a igrexa.

- O inferno chegou – berrou o cura. Todos se sobresaltaron e os nenos botáronse a chorar. Pero enseguida se calmou todo xa que non se escoitou máis nada.

Ao saír da igrexa todo estaba normal. Ben, agás que na porta estaba cravado o cartel ¡que anunciaba o concurso!

Ofelia foise emocionada para casa pensando que o seu home tiña que levar o diñeiro desde o banco ata onde desen o premio ó gañador.

Siii !! – Berrou Ofelia. O seu home tiña que levar o premio mañá. Así que non perdeu máis tempo e foi elixir o modelo adecuado para a ocasión.

Chegou o gran día, Ofelia saíu da casa vestida cun traxe vermello con volantes que lle chegaba ata os pes, ía acompañada do seu

home. Ofelia vivía na rúa Padre Gaite, e tiñan que ir ata o Concello pasando polo caixeiro, era un bo treito e tiñano que facer andando, pero a Ofelia non lle importaba, é máis, quería ir polos sitios máis enrevesados para que a xente a vise co diñeiro. Cando ían entrar na rúa de Santa Clara chamaron ao seu home, pero tivera que ir facer un recado. Ofelia empezou a cruzar a rúa deserta. De súpeto alguén botouse enriba dela e sacoulle o diñeiro. Ofelia queixouse, pero ninguén a oú.

O ladrón saíu correndo coa gran suma de diñeiro. Calquera persoa, sobre todo unha persoa normal chamaría a policía, pero Ofelia, non era normal, así que arre-mangou o seu vestido, sacou os seus zapatos de tacón, púxose os tenis que levaba na mochila e botouse a correr para atrapar ó ladrón. Este baixou pola rúa Sarmiento ata chegar á praza da Pedreira onde se asegurou de que ninguén o seguise. Pero equivocouse xa que Ofelia estaba espíandoo. O ladrón abriu a porta dos sotos do Pazo de Mugartegui. Estaba medio dentro cando se decatou da presenza de Ofelia que

“ni corta ni perezosa” colleu carreiriña para lanzarse sobre el.

- AAAHHH!!! – gritou o ladrón mentres botaba a correr pola rúa de Santa Clara para esquivar a Ofelia. Ofelia decidiu que non quería estragar máis o seu vestido e espezou a berrar pola policía. Inmediatamente veu un policía. Pero o ladrón xa estaba escalando pola igrexa de Santa Clara.

- Coidado! - berrou o policía mentres chamaba por reforzos. O ladrón estaba a punto de romper co seu peso unha das estatuas. Pero



menos mal que tiña os pinchos que había para que as pombas non se pousasen. Pero o difícil foi cando chegou a parte onde lle custaba agarrarse a balaustrada. Todo estaba rodeado de xente e policía. OH NON!!!! O ladrón romperá unha pedriña da igrexa. Quedara colgando pero conseguiu subir ao tellado. Inmediatamente os policía subiran por escaleira e esposarano. Todo rematara. O ladrón non declarou nada. Pero Ofelia si dixo que o vira intentar entrar nos sotos do palacio de Mugartegui. Os policía foron correndo a rexistralo pero cando chegaron á praza da Pedreira viron como un mozo vestido de negro cunha moza aos hobreiros atada de pes e mans, fuxía correndo. Perseguírono pola rúa de Cobián Rofignac, pasaron pola igrexa da Peregrina, inmediatamente pola rúa dos Soportais pasaron por medio da praza da Ferrería espantando todas as pombas. A continuación foron pola rúa de San Román ata chegar a praza da Leña. Ofelia estaba que non podía consigo mesma pero seguiu correndo detrás dos policía. Seguiron pola rúa de Sarmiento ata chegar a praza de Méndez Núñez que estaba chea de xente. O secuestrador ía empurrando a todo o mundo pero cando lle tocou empurrar a estatua de Valle-Inclán caeu ó chan inconsciente do golpe. Os policía collérono e dasataron a moza que levaba. Ela contoulles que se dedicaba a cravar carteis cando escoitou o plan de roubar o diñeiro do concurso. E os ladróns non se podían arriscar a

que llo contase a alguén e secuestrarona. Aínda non lle fixeran dano, asustáranla moito cando a deixaron inconsciente e iso fora o ruído que se oía na igrexa da Peregrina. Os ladróns resultaron ser bastante buscados e meteron no cárcere.

Ofelia fíxose amiga da moza que fora secuestrada, e ela axudouna a controlarse máis conseguíndolle un precioso traballo nas ruínas de San Domingos.

E así acabou esta historia tan estraña sobre Ofelia e o diñeiro.

Carmen 5º

INVESTIGANDO EN PONTEVEDRA

Vouvos contar a historia dun neno chamado Conan, de aproximadamente uns dez anos, que vivía na cidade de Pontevedra ao lado da praza da Fonte dos Nenos.

Sempre estaba a xogar aos detectives escondendo cousas por Pontevedra e tiñaas que encontrar axudándose de pistas.

Un día baixou a xogar e viu unha nota que dicía:

-Xa é o terceiro que roubamos. E había un rato debuxado, e ao ver a Fonte dos Nenos viu que faltaba o rato. Chamou os seus amigos e contoulles o que acontecera, pero

os seus amigos non llo creron. Entón tivo que investigar el só. Empezou pola praza da Peregrina. Alí entrou na capela da Peregrina pero non había nada. Deseguido foi á praza da Ferreiría e enganchado a un banco viu un cordón que poñía Lili, entón sospeitou da ladroa e mediuno co seu cordón e eran da mesma lonxitude entón soubo que a ladroa era unha rapaza máis ou menos de once anos, e seguiu a busca. Parou a beber na fonte da Praza da Estrela, o tempo ía voando,

empezara a busca xa había dúas horas e so encontrou unha pista. Seguiu a busca pola Praza da Estrela e preguntou se viran a ladroa e díxéronlle que fora a Praza da Leña. Xa alí, pasou pola rúa Sarmiento é chegou a Praza da Verdura é mirou que a fonte botaba auga. Entón a ladroa pasara había menos de dez segundos, máis ou menos. Logo dirixiuse á praza de Méndez Núñez, onde se atopa a estatua de Valle-Inclán, que estaba tirado no chan. Mentres el non sabía onde ir

a ladroa dirixíase a Basílica de Santa María.

Ao final decidiu ir de praza en praza para non perdela de vista.

Foi á Praza do Teucro pero non había nada, logo chegou a Basílica de Santa María e xa case non tiña forzas. Entón pareceu lle ver á ladroa. Seguiuna. Despois de tanto andar chegou as Ruínas de San Domingos cando xa era de noite, buscou e buscou e escoitou un ruído e mirou nunha das tumbas, ¿E quen era? Era a ladroa que estaba escondida. E como dixera Conan era unha rapaza chamada Lili e tiña once anos. Á ladroa gustáballe Conan pero non podía estar con el posto que ela



era unha ladroa e el un medio detective.

Conan recibiu un diploma, o agradecemento da cidade e un bico da ladroa.

Sergio 5º

ASASINATO EN SAN DOMINGOS

Un día un rapaz ía camiñando pola rúa e oíu unha persoa berrar. Tiráranla desde enriba de San Domingos. Encontrou unhas pegadas fondas que se

distinguían facilmente . Foi a comisaria e saíu dela con vinte acompañantes. Diante ía un detective. As pegadas conducían a unha casa ao lado do pazo de Mugartegui. Petaron na porta e ninguén lles abriu. Tiraron a porta abaixo e miraron dúas persoas con pingas de sangue secas. Intentaron fuxir pero un axente moi corpulento, rapidamente, meteulles a cambadela. Caeron e detivéronos. Foron ó xulgado e impuxéronlles cincuenta anos de pena no cárcere e xamais se soubo deles.

Francisco 5º



O CASO DO COMISARIO ANTONIO

O axente Antonio chegou á comisaría coma todas as mañás as 7:30 . Sentou no seu despacho e comezou a revisar os seus papeis. Noutro punto da cidade, na praza de Méndez Núñez, houbo un roubo. Alguén roubara a estatua de Valle-Inclán, isto é un caso para o comisario.

E dixo:

–Isto é un caso para min. O comisario Antonio colleu o coche oficial, e dirixiuse ao lugar dos feitos –Ola, bos días. Preguntou nunha tenda da praza pero ninguén soubo dicirlle nada do roubo da estatua . O comisario comezou a darlle voltas a cabeza pensando quen lle podería axudar . De súpeto divisou ó lonxe ó loro Curro que estaba na súa gaiola comendo pipas . Antonio dirixiuse o loro, pero estaba enfadado e non quería falar. O comisario deulle pipas e faloulle .

–¿Que queres?

–Quero saber se onte viches algunha persoa o lado da estatua.

–Pois péreceme que vin a unha persoa.

–Podes darme algún dato do seu aspecto?

–¡Pois claro que si! Era gordo e alto, tiña o pelo curto e os pantalóns rachados.

–¿Sabes quen puido ser?

–Pois creo que si. Foi o señor Mateo –¡Como dis! ¿Estás tolo? !E o meu compañeiro;

–Se no me cres vaite de aquí.

O comisario foi ver o seu compañeiro

–Ola Mateo, canto tempo sen verte. ¿Ti sabes dalgún que roubara a estatua?

–Pois non sei –di Mateo todo nervioso.

–¡Vale, moitas grazas de todos mo-



dos!

Despois dunha hora foi a xunta o loro.

–Perdóame Curro –díxolle Antonio.

–Vale pero tes que facerme caso a min.

–Encontrei a Mateo un pouco nervioso.

–Díxencho, pero non me fixeches caso. Iremos a casa de Mateo a interrogalo.

–Ola Mateo ti roubaches a estatua de Valle-Inclán?

–Pois parécese que si.

–Tes que devolverma.

–Non podo, tireina ó río Lérez

–Que dis? Estás tolo?

–Se non me cres vai mirar.

María 5º

ATRACO

Un día dous gardas estaban vixiando as Ruínas de San Domingos. Estaban indo dun lado para outro. Mentres un foi mexar o outro escoitou algo e díxolle:

–Escoitei algo.

–O que? A túa tripa, da fame que tes.

–Non, vai en serio –contesta.

–Pero aquí non hai ninguén–classs.

–Escoitáchelo agora?

–Si pero só é un simple gato–
¡miaaaau! ¡boom!

–Escoitaches?. Iso non sería o gato tamén?

–Non iso non. Imos ver que ocorre.

–Vale.

–Ti vai por alí e eu por aquí.

–E por que eu por onde se escoita o ruído?

–E que máis ten. Tes medo?

–Non.

–Pois logo?

–E que me dá arrepío.

–Veña deixa de facer parvadas.

Entón alá foron.

–¡Aaaaaah! ¡Socorro!

–Que pasou?

–Estábame a apuntar cunha escopeta.

–O que? Pero quen?

–Un home vestido de negro.

–E onde estaba?

–Alí arriba.

–Imos ver que era.

–O que? Eu alí arriba non vou.

–Pois pido reforzos.

–Non por unha vez quero saír non xornal.

–E que máis ten? Saímos todos e xa está.

–Non, quero saír eu.

–Pois logo imos arriba ou non?

–Non, digo si.

–¡Coidado que te disparan! ¡Aparta!

–Menos mal que mo dixeches, por pouco me dan. Síntoo pero teño que pedir reforzos.

–Que non, que quero rematar eu este caso.

– Pero son as normas.

–Tanto ten.

–Ben, por unha vez pasareicho.

–Veña, imos deter eses malfeitores.

–Cantos eran?

–Un vestido de negro.

–Só. Entón vamos. Corre a por el.

–Veña, aí o vai.

–Detéñase! Policía!

-Non quero. Píllame primeiro.
-Entréguese agora mesmo pola lei.
-Non, non me vou entregar.
-Xa te pillarei.
-Adiante, colle a arma e dispárame.
-Iso é o que farei.
O policía do enfadado que estaba disparoulle nunha perna. ¡Pha!
-Quedas detido.
-E atrevícheste.
-E como non? Veña, tira para adiante.
Entón o compañeiro apareceu correndo pola esquina.
-Compañeiro, está vostede ben?
-Si. Mira, collino.
-Pero lle disparaches.
-Bueno, collino, iso é o que importa.
Entón os gardas levárono a comisaría e foi para o calabozo.

Alexis 5º



Subvenciona :

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
do C.E.I.P. Parada-Campañó.

Editorial: Quinto Curso

Gráficas: Requinto

Ilustración portada: Remigio (Persecución en Stª María)

Ilustracións:	Páxs.
Ainoa	4
Paula	5 e 6
Adrián	6
Alba	7
Sofía	9
Gabriel	10
Carmen	12
Sergio	14
Francisco	15
María	16
Alexis	18

Curso 2008-2009

ISSBM 84-8302-940-5

